



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Vox Stellae

VEN 3 NOV—20.30 h

Igrexa da USC

Sopranos: Aida Cruz, Aida López, Sara Moreno, Malena Pazos

Altos: Mariola González, Óscar Mato, Ana Pazos

Tenores: Chema Ares, Daniel Canosa, Marcos Mato

Baixos: Francisco Alonso, Pablo Nieves, Felipe Sar

Marimba: Marcos Mato

Fliscorno: Ana Pazos

Violonchelo: Daniel Canosa

Dirección: Luís Martínez

Programa

SEDE DE BELEZA

Joám Trillo (1942)

Ingemisco (1971)

Madrigale Arcaico (1975)

O verme i a estrela (1975)

Itinerarium crucis (2011)

Marcos Mato (1988)

*Tres imaxes de Santiago** (2017)

Camiñando por Bonaval, de noite

Feira na Cidade Vella

Anoitece na Alameda

*Estrea absoluta

VOX STELLAE

Nace en 2003 con motivo dunha conferencia do musicólogo José López Calo sobre a música na Catedral de Santiago. Un dos seus sinais de identidade é a difusión da música galega, tanto a dos arquivos das catedrais como a creación contemporánea e a música popular. Vox Stellae ofrece concertos por toda a xeografía galega, participou en actos institucionais e interpretou o seu programa didáctico O rodaballo con botas ante máis de 2000 escolares. Ten actuado en diversas tempadas de abono e festivais: Vía Stellae, Espazos Sonoros, De lugares e Órganos, Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de C., Semana de Música de La Laguna, Outono dos sentidos na Ribeira Sacra, Festival Provincia de Palencia, Ciclo de Música Sacra de Castilla y León, Jornadas Jacobeas Internacionales, Ciclo de Música Relixiosa de Barcia de Mera, Festival de Música Relixiosa de Guimaraes... Vox Stellae colabora con agrupacións e solistas como a Orquesta de Cámara de Tenerife, Orquesta de Cámara Galega, Finis Terrae Brass, Os Menestres de 1500, Taller Atlántico Contemporáneo, Cristina Pato, Joaquín Barreira, Manuel Vilas, Juan Manuel Varela, Fernando Buíde, Uxía Senlle, Joao Afonso ou o dramaturgo Maximino Queizán. Entre o seu amplo repertorio destacan a estrea en España da *Misa en Sol a Santiago de Compostela* (A. Tucapsky), as reestreas de *Pregaria* (J. Baldomir) e a *Misa en Do M* (Frei R. Salvado), a recuperación da *Missa Rodericus Cardinalis* (C. de Medrano) ou a estrea en Galicia de *Rothko Chapel* (M. Feldman). Dentro do proxecto de recuperación do patrimonio musical da Catedral de Tui, editou dous discos con música de Matías García Benayas (+1737) e outros autores do arquivo tudense: *Defensor alme Hispaniae* (2013), que recibiu o Melómano de Ouro (outubro 2015) e *Salvete Flores* (2016). “Ni que decir tiene, que la labor del coro de cámara compostelano Vox Stellae en la grabación del disco, es impecable” (Bruno Díaz, Atlántico Diario) “La interpretación vocal e instrumental son sencillamente impecables, a la altura de cualquier ensemble internacional” (Pablo F. Cantalapiedra, Melómano)

LUÍS MARTÍNEZ, director

Nacido en Vigo, estudou Piano e Linguaxe Musical nos conservatorios de Santiago e Vigo. É Mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagogía pola USC. Asistiu a aulas de perfeccionamento en diferentes ámbitos da análise e interpretación musical con mestres da talla de Miro Moreira, Dominique Velard, Pier Paolo Scattolin, Daniel Vega, Owen Reese, Peter Philips, Artur Carneiro, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, J. Carlos Rodilla, J. López Calo, Carmen Cruz ou Mercedes Padilla. É membro do Orfeón Terra a Nosa e a Capela da Catedral de Santiago, agrupacións coas que participou como solista en múltiples concertos e rexistros discográficos. Colabora con agrupacións como Capela Compostelana, Capilla de Extravagantes, Capela Lauda Sion, Grupo Siglo XX ou Hércules Brass. Como actor e recitador interpretou a *Historia do Soldado* (I. Stravinsky) e participou na estrea absoluta de *Enigmas de la temporalidad* (J. Vara) coa Real Filharmonía de Galicia. No eido da musicoloxía, colabora con Joám Trillo na edición da música do arquivo da Catedral de Tui.

Joám Trillo

(Negreira, A Coruña, 1942)

Sen dúbida, o mestre Joám Trillo é unha das figuras máis relevantes da música galega dos últimos 50 anos. Trillo é un músico total, que se adicou á composición, a dirección de orquestra, a musicoloxía e que desenvolveu ademais un intenso labor pedagóxico. Este concerto recolle algunhas das máis significativas composicións para coro, editadas polo IGAEM nun caderno titulado *Sede de Beleza...*, que toma o título dunha das obras incluídas nel, sobre un poema de José M^a Díaz Castro. A maioría das obras foron compostas a finais dos anos 70 e principios dos 80, e revisadas polo autor para a publicación do caderno en 2007. Mención aparte merece o *Itinerarium Crucis* (2011), obra encargada pola Catedral de Santiago para o 8^o centenario da súa consagración, da que interpretaremos algúns fragmentos. O compositor fará unha presentación da súa obra antes de comezar o concerto.

Marcos Mato Collazo

(Negreira, A Coruña, 1989)

Percusionista, compositor e alumno de Joám Trillo, é Mestre Especialista en Educación Musical pola USC e Titulado Superior en Percusión no Conservatorio d'A Coruña. Completa a súa formación en composición para o cinema no Leeds College of Music, colabora co compositor Xavi Font e recibe clases do mestre Joám Trillo. Como intérprete forma parte da Capela da Catedral de Santiago, Orfeón Terra a Nosa, Vox Stellae e o grupo de música húngara Gergelyes. Ten colaborado con agrupacións como o Coro Ainur, Banda de Valga, Xove Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, grupo Alvariza... Acaba de ser finalista, con mención de honra, do Concurso de Composición de Música Sacra da Fundación Fernando Rielo.

As Tres Imaxes de Compostela tentan reflectir unha atmosfera propia da cidade nos tres momentos do día: amencer, pleno día e anoitecer. Os textos, extractados de García Lorca, Ardeiro, Pondal, Andrea Porto e Manuel María combínanse con evocadoras frases en latín propias da liturxia católica. O amencer transmite un aire de desconcerto e de tensión, esta sensación de inseguridade e desacougo pola incerteza do que está por vir non desaparece ata que, finalmente, sae o sol. Aparece aquí o motivo principal, unha melodía atonal, que se empregará en toda a obra, e como contrapunto, úsase unha escala Insen de cinco sons, que non ten nota fundamental, polo cal, todas son igual de importantes. *A Feira na Cidade Vella*, asegúrase de que, a través dunha oración combinada de Manuel María e Eduardo Pondal, se poida erixir unha breve homenaxe ao ambiente urbano cheo de vida de Compostela. A marimba emprégase máis como instrumento de percusión que melódico, en oposición aos outros movementos. O latexar único da cidade vella plasmouse nun ritmo desigual, o ritmo interno da cidade, expresado a través de percusións vocais. O anoitecer fixa a inminente caída do sol e a aparición da lúa. O motivo principal aparece de novo nos últimos retazos dun día completo. Para este movemento final, utilízase unha escala octatónica, harmonizada segundo o método do complexo sonoro, que supón o uso dos acordes da escala, pero cunha alteración propia: para este movemento, non existe tonalidade nin maior nin menor. Esa ambivalencia dá unha sensación de inqueda que non deixa claro, se a noite é benvinda ou non. *Marcos Mato*



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal



**Deputación
DA CORUÑA**

Últimos concertos

NOVIEMBRE

ZOAR

Sáb 4—20.30 h— Paraninfo da Universidade

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director

Ven 10—20.30 h— CGAC

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba, director

Sáb 11—20.30 h— Igrexa da Universidade

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director

Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h

Auditorio de Galicia — Sala Mozart

NICASIO GRADAILLE, piano

Sáb 18—20.30 h — CGAC

MANUEL BLANCO, trompeta

KARINA AZIZOVA, piano

Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano

Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade